

PLAN DE ACTIVIDADES 2018

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PLAN FORTALECIMENTO
3. PLAN SENSIBILIZACIÓN
4. PLAN ÁREA PROXECTOS
5. PLAN COMUNICACIÓN
6. ORZAMENTO

1. INTRODUCCIÓN

No Plan de actividades 2018 quedan reflectidas as actividades que se impulsarán desde o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o presente ano. As actividades definidas cinguense aos obxectivos marcados nas Liñas Estratéxicas 2016-2019, que foron aprobadas en Asemblea.

Nesta nova anualidade séguese unha liña de continuidade ao respecto do ano anterior, o que vén incidir no fortalecemento da asociación e no afondamento das actividades de sensibilización e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, especialmente na relación iniciada con Mozambique.

Nas actividades descritas, a innovación e a orixinalidade son dúas das nosas premisas para procurar unha maior participación e apropiación por parte dos nosos socios coas actividades e proxectos que impulsamos. Estas foron definidas tendo en conta as opinións e experiencias recollidas nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, celebradas o 30 e 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro en cadansúa provincia, agardando así adecuarnos ás demandas dos nosos socios. Así mesmo, amósase a preocupación por acadar unha maior eficacia, eficiencia e impacto que redunden nun crecemento cuantitativo e cualitativo da organización.

O plan de actividades 2018 é, pois, froito das novas experiencias apreendidas no 2017 e dos novos retos que presenta a nosa asociación municipalista, como é a Presidencia da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade.

2. PLAN FORTALECIMENTO 2018

1. RESUMO DOS OBXECTIVOS

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

Obxectivo 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

Obxectivo 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

Obxectivo 5: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

- **ACTIVIDADE 1.1: Campaña de captación de socios 2018 “Camiño dos 100”**

No 2017, con motivo do 20 aniversario do Fondo Galego, púxose en marcha unha campaña de captación dirixida a concellos e deputacións que aínda non eran socias do Fondo Galego. O obxectivo marcado era de acadar 20 novos socios. Ao peche do 2017 o Fondo Galego sumaba 5 novas adhesións, o que daba como resultado 94 socios de pleno dereito. Se ben o obxectivo marcado quedou lonxe de ser conseguido, si se fixo un amplo traballo de toma de contacto con administracións locais que non son socias do Fondo Galego. En total, a Secretaría técnica entrou en contacto con 75 Concellos e as Deputacións de Ourense e Pontevedra (adheríndose esta última), a través do correo electrónico, chamadas telefónicas e reunións presenciais, ben directamente cos concellos ou participando nas reunións de tres mancomunidades (Mariña Lucense, Comarca de Ordes e Comarca de Ourense).

Para o 2018 propónse unha liña de continuidade ao respecto do ano anterior, propoñendo as seguintes accións:

- Participación en xuntanzas comarcais para presentar ao Fondo Galego
- Presentación do Fondo Galego na Asemblea de Socios da FEGAMP
- Reunións presenciais con diferentes Concellos interesados en adherirse

Orzamento: 1.200€

- Desprazamentos a concellos galegos: 700€
- Elaboración e impresión de folleto sobre o Fondo Galego: 500€

- **ACTIVIDADE 1.2: Contacontos solidarios para novos socios**

Para dar a benvinda e animar a participar aos socios acadados que se pretenden conseguir no 2018, ofreceráseles unha actuación da compañía A Tropa de Trapo. A Tropa de Trapo, agrupación conformada desde 2006 por Marta Ortiz e Brais das Hortas, ten por obxectivo fomentar a recreación e a educación en valores como a liberdade, a solidariedade, o respecto e a igualdade, a través de espectáculos baseados na recolección de contos, levándoos a escena con música en directo, humor e narración áxil.

Orzamento: 2.580€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 6 actuacións: 2.580€

- **ACTIVIDADE 1.3: Participación no estudo sobre o estado da cooperación municipalista en Galicia**

A proposta da Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego está convidado a participar no estudo do estado da cooperación municipalista en Galicia. O estudo será cofinanciado por ambas entidades, para o que se contrará unha consultoría externa para a execución dos traballos.

Orzamento: 3.340€

- Cofinanciamento da consultoría externa: 3.340€

OBXECTIVO 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

- **ACTIVIDADE 2.1: Levar a cabo as xuntanzas da Rede municipalista solidaria de xeito máis participativo e procurando unha maior asistencia de socios.**

A Rede Municipalista Solidaria está conformada polas representantes técnicas e políticas dos nosos concellos e deputacións socias do Fondo Galego. Constitúe a ligazón entre a Secretaría técnica do Fondo Galego e os nosos socios. As xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria tórnanse indispensables para o bo funcionamento e consolidación da política mancomunada de cooperación ao desenvolvemento entre os concellos e deputacións socias do Fondo Galego.

Durante o 2018 realizaranse dúas convocatorias das Redes Municipalistas Solidarias, unha por semestre. Haberá, en cada caso, unha reunión a nivel provincial, para facilitar a participación.

Para promover a asistencia de representantes políticas/os e/ou técnicas/os nas reunións das RMS contarase, nas xuntanzas do primeiro semestre, coa participación de Adrián Irago, gañador do concurso de fotografía 'Imaxes con Fondo II' que vén de realizar unha viaxe a Mozambique para dar conta a través das imaxes da realidade do país e dos proxectos que está apoiando o Fondo Galego.

No segundo semestre contaremos coa asistencia dunha persoa representante de ONGD coa que apoiamos un proxecto de cooperación ao desenvolvemento a través da convocatoria de proxectos 2017. É importante que nestas reunións socialicemos coas persoas asistentes as boas prácticas para a organización das actividades de sensibilización. Así mesmo, semella recomendable continuar convidando aos concellos non socios a participar nas mesmas.

Orzamento: 850€

- Desprazamento de Adrián Irago: 300€
- Desprazamentos de persoas que dinamizarán a reunión (ONGD): 250€
- Desprazamentos secretaria técnica: 300€

- **ACTIVIDADE 2.2: Estimular a participación na Asemblea Xeral de Socios**

A Asemblea Xeral de Socios terá lugar previsiblemente no mes de marzo de 2018. Tratarase de que a Asemblea de Socios sexa máis participativa por parte dos nosos socios, creando dinámicas e ideando ferramentas por parte da Secretaría Técnica. Proponse, para a Asemblea Ordinaria do mes de marzo a participación das tres ONGD que recibiron financiamento na convocatoria de proxectos 2017.

Así mesmo, está prevista a convocatoria da Asemblea Extraordinaria do segundo semestre do ano para modificación dos Estatutos.

Orzamento: 150€

- Desprazamentos das persoas representantes das entidades convidadas: 150€

- **ACTIVIDADE 2.3: Formación sobre a xestión da política pública municipal de cooperación ao desenvolvemento.**

Durante o ano 2017 unha das actividades realizadas foi o intento de revitalización da Comisión das Cidades e Deputacións, como administracións locais con maior poder económico e de recursos humano e que poderían potencialmente asumir un papel protagónico no apoio a proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Tras as dúas reunións presenciais na que participaron representantes das cidades e deputacións integradas no Fondo Galego, chegouse á conclusión de que se atopan trabas de tipo administrativo e burocrático nas administracións locais que dificultan enormemente o apoio dunha política pública municipal en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Por outra banda, Os concellos de Lugo, Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña levan a cabo convocatorias de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para ONGD.

Desde a Coordinadora Galega de ONGD chegounos a petición de que o Fondo Galego intervíra como axente mediador para tratar de homoxeneizar criterios nas bases das diferentes convocatorias e homologar formularios, facilitando o traballo das ONGD. Tamén semella importante coordinar e manter unha coherencia nas accións de cooperación ao desenvolvemento impulsada desde os concellos e deputacións galegos.

Así mesmo, son varias as administracións locais que están interesadas en poñer en marcha unha convocatoria de proxectos pero que precisan apoio para operativizala.

A través da presente formación tratarase de dar o apoio preciso aos concellos e deputacións para facilitar a posta en marcha de políticas locais de cooperación ao desenvolvemento. Consistiría nun acto central, cunha primeira poñencia na que se destacaríase o rol das administracións locais en materia de cooperación ao desenvolvemento. Logo, desenvolveríanse varios obradoiros na mesma xornada, onde os concellos e deputacións, en función das súas necesidades e demandas, se integrarían nos diferentes módulos, que se desenvolverían dun xeito máis participativo e tratando cuestións máis prácticas. Trataranse

cuestións normativas e operativas, así como se fomentará o intercambio de experiencias entre as diferentes administracións locais. Os obradoiros a desenvolver poderían ser os seguintes:

- Xestión de actividades de educación para a cidadanía global
- Convocatoria pública para ONGD
- Introducción aos ODS e a súa implementación a nivel local

Sería idónea a colaboración da FEGAMP para a visibilización da formación e a chamada á participación. Todos os concellos e deputacións serían convidados.

Orzamento: 4.800 €

- Pago honorarios poñentes: 2.000€
- Viaxes, aloxamento e manutención de poñentes: 1.500€
- Deseño e impresión de materiais de difusión: 500 €
- Café e petiscos para o/s descanso/s: 800€

OBXECTIVO 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

- **ACTIVIDADE 3.1: Modificación estatutaria**

Será realizada unha revisión dos estatutos da asociación, co fin, non só de adaptalos para que o Fondo Galego poida optar ao rango de entidade de utilidade pública, senón tamén para incorporar a linguaxe inclusiva e actualizar os termos referentes ao eido da cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, adaptaranse aqueles apartados que sexan precisos para mellorar na transparencia e xestión da asociación.

Orzamento: 320,39€

- Servizo técnico para consulta sobre Utilidade Pública: 302,5€
- Taxa administrativa: 17,89€

OBXECTIVO 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

- **ACTIVIDADE 4.1: Priorizar a participación na Confederación de Fondos**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasou a ocupar a Presidencia da Confederación de Fondos o 8 de novembro de 2017. Tal e como foi planificado, o Fondo Galego adoptou un papel activo e conciliador dentro da Confederación, tratando de recuperar a capacidade de iniciativa e discurso. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista e para emprender novas actividades conxuntas e intercambiar experiencias. No ano 2018, a Confederación dispós, despois de varios anos inactiva, dun orzamento e dun plan de traballo elaborado segundo os intereses dos Fondos integrados.

Orzamento: 4.500€

- Cota 2018: 2.500€
- Desprazamento, aloxamento e manutención representantes políticos e técnicos: 2.000€

OBXECTIVO 5: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

- **ACTIVIDADE 5.1: Aplicación Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos**

Dita actividade ten por obxecto garantir e protexer, no referente ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar.

Orzamento: 700€

- Servizo técnico adaptación á Lei: 700€

- **ACTIVIDADE 5.2: Aplicación da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo**

O Fondo Galego é un suxeito obrigado a acollerse a esta Lei, que ten por obxecto evitar o branqueo de capitais.

Orzamento: 302,50€

- Servizo técnico adaptación á Lei: 302,50€

3. PLAN SENSIBILIZACIÓN 2018

1. OBXECTIVO E ACTIVIDADES

Obxectivo 6: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

Actividade 7.1: Vacacións con Traballo

Actividade 7.2: Vacacións con Traballo en Galicia

Actividade 7.3: Axenda 2019

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 6: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

- **ACTIVIDADE 6.1: Exposicións itinerantes**

Durante o 2018 centraranse os esforzos en mobilizar as exposicións:

- 20 anos a Fondo coa Solidariedade
- Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.
- No colo da esperanza

Esta última trátase dunha nova exposición cedida polo fotoxornalista Felipe Carnotto, vinculado ao Fondo Galego por ser o gañador da segunda edición do concurso fotográfico Imaxes con Fondo. A exposición conta o éxodo de milleiros de persoas que escapan das guerras. O fío condutor son os brazos das nais e pais cargando as fillas e fillos no colo durante o camiño na ruta dos Balcáns. Felipe Carnotto fará a presentación da exposición para aqueles Concellos interesados.

Continuarán estando dispoñibles para os socios as exposicións 'Galicia-Cabo Verde, unha irmandade' e a exposición 'Nicaragua, o futuro'.

Observamos ao longo do 2017 que a exposición '20 anos a Fondo coa Solidariedade' ten un custe de desprazamento e montaxe que concellos de menor tamaño non poden asumir. Para este 2018 propónse que as Deputación provinciais colaboren cubrindo os gastos de desprazamento e montaxe desta exposición para aqueles concellos de menos de 10.000 habitantes.

Así mesmo, prevese a elaboración dunha unidade didáctica para acompañar as exposicións dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Orzamento: 4.000€

- Deseño e elaboración das unidades didácticas sobre a exposición dos ODS: 2.000€
- Honorarios Felipe Carnotto presentación exposición 'No colo da esperanza' (10): 1.500€
- Folletos e arranxos nas exposicións: 500€

- **ACTIVIDADE 6.2: Elaboración dunha exposición fotográfica sobre Mozambique**

A reportaxe fotográfica en Mozambique da persoa gañadora de 'Imaxes con Fondo III', Adrián Irago, dará como resultado unha exposición que dea conta das problemáticas que afronta o país. Esta exposición, virá a reforzar o coñecemento da Rede Municipalista Solidaria do traballo e os lugares nos que coopera o Fondo Galego, así como a pertinencia da cooperación municipalista.

A elaboración da da exposición correrá a cargo do Fondo Galego, que, tras recibir o monto das fotografías realizadas, analizará as imaxes e fará unha proposta de exposición, que deberá ser consensuada co fotógrafo.

A exposición estará lista no primeiro trimestre do 2018, data a partir da cal poderá comezar a mobilizarse.

Orzamento: 3.000€

- Deseño e impresión da exposición: 3.000€

- **ACTIVIDADE 6.3: Actuacións de Batuko Tabanka**

Ofertaranse un máximo de 10 actuacións a 10 socios diferentes que non teñan acollido neste mandato actuación de Batuko Tabanka a través do Fondo Galego. As actuacións terán unha duración de 50 minutos, e contarán cunha breve explicación da vinculación Galicia- Cabo Verde ao inicio das mesmas. Ademais de promover a interculturalidade darase a coñecer unha realidade da comunidade galega e en concreto dun dos nosos concellos, o de Burela, que acolle a un gran número de persoas caboverdianas.

Orzamento: 9.000€

- Actuacións de Batuko Tabanka (10): 9.000€

- **ACTIVIDADE 6.4: Contacontos coa compañía a Tropa de Trapo**

Continúase a aposta pola Tropa de Trapo coa xira 'Ti tamén contas', un híbrido entre contos e obradoiro, para alumnado de 2º ou 3º ciclo de primaria. A actuación ten como obxectivo chegar con calidade a un número moi amplo de persoas, para incitalas a debate, partir das súas opinións e acompañalas no proceso de sensibilización, empregando para iso dinámicas participativas.

Así mesmo, continuarase co espectáculo 'Contamos Todas', que é un espectáculo e obradoiro sobre a igualdade de xénero para alumnado de 3º da ESO en diante. A través de dinámicas activas e participativas traballarán os conceptos que se debuxen nos contos, dando paso ao debate, para afondar nas cuestións de xénero que se abordarán. Pero non será un debate ao uso. Empregando técnicas do Teatro da Oprimida, animarase a todo o alumnado a participar e a opinar, coa voz e co corpo, para finalmente facer unha escena sobre a que reflexionar e que parta das súas opinións.

Serían beneficiados 10 administracións locais con unha representación dun destes espectáculos.

Orzamento: 4.000€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 10 actuacións: 4.000€

- **ACTIVIDADE 6.5: Representacións teatrais sobre as fronteiras e as persoas refuxiadas**

A actividade responde a unha demanda da base asociativa do Fondo Galego, interesada en afondar máis na temática das persoas migrantes e refuxiadas. No pasado ano foi a actividade máis demandada polos socios. O espectáculo será levado a cabo pola ONGD galega Pallasos en Rebelría, que fai un traballo de terapia en situacións de emerxencia ou conflito, a través do espectáculo de *clown*, á vez que dá a coñecer e sensibiliza sobre estas situacións na nosa sociedade.

O espectáculo, no que participarían dous actores, está baseado na obra 'O valo', de Carlos Labraña, que ven de recibir o IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Realizaranse un total de 10 actuacións, destinadas a público infantil e/ou familiar, de unha hora de duración.

Orzamento: 7.750€

- Dez representacións da obra 'O valo': 7.750€

- **ACTIVIDADE 6.6: Concurso de murais "Obxectivos do Desenvolvemento Sostible".**

O concurso fotográfico iniciado no 2012 "Imaxes con Fondo" non amosou bos resultados en canto á participación na súa terceira edición, no ano 2016. Polo que, co obxectivo de innovar e sen perder a convicción da importancia das imaxes como ferramenta sensibilizadora, para o 2018 propónse unha reformulación do concurso que busca unha maior implicación e participación dos concellos socios.

Trataríase de levar a cabo un concurso de murais sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible traballando directamente cos Concellos e Deputacións socias, que escollerían os espazos nos que se realizarían os murais gañadores.

O concurso ten por obxecto espallar o coñecemento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible por parte das administracións locais e da cidadanía en xeral, chegando a cubrir a unha parte dos concellos socios nas diferentes e consecutivas edicións que se foran sucedendo. Nesta primeira experiencia, ao ser unha experiencia piloto, será realizado no Concello da Coruña, que asume os gastos da súa realización a través dun convenio de colaboración co Fondo Galego.

Orzamento: 20.022,79€

- Preparación das áreas a pintar: 6.000€
- Tres premios premios (1.500€ cada un): 4.500€
- Andamiaxe para pintado: 600€
- Persoal de seguridade durante o pintado: 1.000€
- Custo de realización das obras gañadoras: 6.000€
- Deseño e impresión de materiais de difusión: 1.000€

- Desprazamentos, aloxamentos e manutención para xestión da actividade e pintado das obras: 922,79€

- **ACTIVIDADE 6.7: Axenda 2019**

As axendas son un material de papelería case imprescindibles para o persoal técnico e político das administracións locais. Porén, e dada a boa acollida das axendas do 2018, o Fondo Galego promoverá a elaboración dunha axenda propia, elaborada con materiais reciclados e na que se destaques as datas relativas á solidariedade e Dereitos Humanos. Así mesmo, farase mención ao traballo realizado polo Fondo Galego, incluíndo fotografías de proxectos e actividades a toda cor.

Orzamento: 2.000€

- Deseño e impresión da axenda de 250 unidades: 2.000€

OBXECTIVO 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 7.1: Vacacións con Traballo**

O programa Vacacións con Traballo terá este ano 2 prazas, unha delas vinculada directamente ao noso parceiro local actual en Mozambique, a Fundação Encontro (1 persoa), e outra ao municipio caboverdiano de Santa Cruz. Así mesmo, editarase o Caderno de experiencias de 2017 en formato dixital.

A convocatoria comezarase a traballar desde principios de ano para que estea lista para facela pública no mes de marzo. As viaxes e as estancias de cada voluntaria/o planificaranse trala resolución da convocatoria, mais as condicións das mesmas quedarán esclarecidas nun documento que se asinará co parceiro local, para garantir a seguridade e comodidade das persoas voluntarias. O plan de traballo quedará definido antes da convocatoria do programa, para que as persoas que potencialmente queiran viaxar teñan claro desde o primeiro momento que é o que se agarda delas. O programa cubrirá os gastos da viaxe, aloxamento e manutención das persoas voluntarias. Todos os pormenores vinculados a estas asistencias técnicas ou traballos voluntarios serán indicados nun convenio de colaboración entre o Fondo Galego e os parceiros locais e a través dun contrato de voluntariado entre o Fondo Galego e as persoas voluntarias. Así mesmo, as persoas voluntarias recibirán formación básica sobre cooperación ao desenvolvemento antes da súa estadía en terreo e terán a obriga de realizar unha actividade de difusión da súa experiencia á súa volta. Esta formación poderá ser impartida por algunha ONGD galega que tamén realice programas de voluntariado similares.

Orzamento: 4.200€

- Viaxe, seguro e tramitación de visado de 1 persoa a Mozambique: 1.500€
- Viaxe, seguro e tramitación do visado de 1 persoa a Cabo Verde: 1.000€
- Manutención das 2 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 1.200€
- Deseño e publicación dixital do caderno de Vacacións con Traballo 2017: 100€
- Deseño do folleto e bñanes promocionais: 200€

- Gastos desprazamento para asistencia a formación sobre cooperación ao desenvolvemento para as 2 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 100€
- Gastos desprazamento para asistencia xornada de avaliación do programa (desprazamentos e manutención): 100€

- **ACTIVIDADE 7.2: Vacacións con Traballo en Galicia**

Como continuidade co ano anterior, propónse novamente esta actividade, co obxectivo de reforzar as capacidades dos municipios mozambicanos. Unha persoa de perfil técnico da administración local mozambicana viaxará a Galicia para formarse en un ou varios concellos/deputacións, sobre un área que detecte como prioritaria.

Os concellos e deputacións que se amosen voluntarias a acoller a esta persoa deberán nomear a unha responsable do seu acompañamento na súa administración local. A secretaria técnica fará labores de acompañamento da actividade e selección da persoa que viaxará desde Mozambique, xunto coa Comisión Executiva e a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos.

Orzamento: 3.000€

- Viaxe dunha persoa de Mozambique: 1.000€
- Aloxamento e manutención dunha persoa de Mozambique: 2.000€

- **ACTIVIDADE 7.3: Actividades relacionadas cos proxectos financiados na convocatoria de proxectos**

Orzamento: 6.000€

- Actividade de Asemblea de Cooperación pola Paz: 3.000€
- Actividade de Enxeñería sen Fronteiras: 3.000€

- **ACTIVIDADE 7.4: Promover os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible desde as Deputacións Provinciais**

Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, propostos pola ONU para o seu cumprimento no ano 2030, implican unha participación activa das municipalidades para a consecución das metas propostas. No 2017 o Fondo Galego levou a cabo unha xornada formativa para a aproximación destes obxectivos entre os concellos e deputacións do país, mais un segundo paso conleva a difusión e apropiación destes obxectivos por parte das administracións locais.

No 2018 sentaríase as bases para realizar unha serie de proxectos levados a cabo da man das Deputacións provinciais para a difusión dos 17 Obxectivos do Desenvolvemento Sostible nos concellos das respectivas provincias. As propostas serán definidas xunto coas catro deputacións, tendo en conta as súas peculiaridades. Así mesmo, preténdese que as Deputacións se impliquen asumindo o custe destes programas de sensibilización a nivel provincial. As propostas, unha vez consensuadas, serían executadas ao longo do 2018 ou 2019.

Orzamento: 250€

- Desprazamentos para reunións: 250€

4. PLAN ÁREA DE PROXECTOS 2018

1. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo 8: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento
Obxectivo 9: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento.

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 8: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 8.1: Programa coa Fundação Encontro**

Continuamos o programa iniciado no ano 2017 “Promoción da saúde a través do deporte no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha (Mozambique)”. O proxecto deu inicio en agosto de 2017 e ten como obxectivo reducir os factores de risco que poden levar á xente nova a contraer adiccións, doenzas ou embarazos precoces. A través deste proxecto de cooperación internacional, ofreceranse alternativas de lecer a nenas e nenos e máis á mocidade, creando equipos de fútbol e atletismo nos que se incentivará a participación e liderado das rapazas, favorecendo así a equidade de xénero. Ao tempo, formarase en educación para a saúde a un grupo de activistas que promoverán hábitos de vida saudables, co fin de diminuír a vulnerabilidade fronte o consumo de drogas e alcol, enfermidades cardiovasculares, sida, abandono familiar, desemprego, baixa autoestima, etc. Formarase a 30 monitoras e monitores deportivos de entre 16 e 21 anos, mentres que as e os integrantes dos equipos terán entre 7 e 15 anos, o que suma un total de 468 beneficiarias e beneficiarios directos das actividades. O traballo realizarase en coordinación coas autoridades locais e implicando á veciñanza, de xeito que indirectamente chegará a preto de 17.500 persoas.

O exercicio físico considérase así unha ferramenta para mellorar a saúde, pero tamén para fomentar o crecemento persoal, as relacións sociais e o empoderamento das mulleres. Cada aldea contará cun equipo, que competirá en campionatos cuatrimestrais. Ademais, cada dous meses, organizaranse sesións de reflexión en grupo sobre diferentes temas de sensibilización e educación en valores, alén de implementar accións informativas e educativas sobre o terreo que poden tomar forma de visitas domiciliarias, palestras, teatro, etc.

Orzamento: 20.000€.

- **ACTIVIDADE 8.2: Proxecto de construción de pozos de auga en Nhamayabuè**

Este proxecto é o resultado da primeira convocatoria que se abriu para que os municipios mozambicanos nos presentaran as principais demandas e necesidades. O resultado desta convocatoria, aberta no 2017, foi o financiamento deste proxecto. Se ben a execución se desenvolveu na súa maioría durante o pasado ano, resta neste 2018 por pecharo proxecto e realizar o último desembolso comprometido.

Achegarse ao río para recoller auga constitúe unha práctica de risco para as comunidades que

viven á beira do Zambeze, en Mozambique, xa que se expoñen aos ataques de animais salvaxes, como hipopótamos e crocodilos, que están a causar mortes e graves feridas sobre todo ás mulleres, habitualmente encargadas de encher os bidóns e lavar a roupa. Así acontece no barrio de Mutarara Velha, no municipio de Nhamayábue, ao que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade decidiu apoiar coa construción de catro pozos que garantan un acceso seguro á auga potable, xa que en dous anos 26 persoas da aldea perderon a vida intentando abastecerse.

Estímase que un 80% dos algo máis de 3.000 habitantes de Mutarara Velha se beneficiarán do abastecemento de auga a través das bombas solares instaladas nos catro novos pozos, mingando así a incidencia de doenzas como a diarrea, causa de mortalidade sobre todo entre nenos e nenas. Ao tempo, reducirase considerablemente a distancia que as mulleres teñen que percorrer cargando as garrafas, de xeito que poderán dedicar o seu tempo a outras actividades. Elas son as que habitualmente se xogan a vida adentrándose na beira do río, cos seus bebés ás costas e na compañía das fillas pequenas, normalmente en grupo para que unhas vivían mentres outras fregan os pratos ou recollen a auga. Elas serán tamén quen integren os comités de xestión para manter e supervisar o funcionamento dos pozos, que as afastarán ata 400 metros do perigo, para o que recibirán unha formación básica.

Orzamento: 9.988,57€

- Último pago ao proxecto: 9.988,57€

- **ACTIVIDADE 8.3: Proxecto de cooperación con cámara municipal mozambicana**

A proposta para este 2018 é continuar a traballar no mozambicano apoiando algunha outra iniciativa que obtivera boa valoración na convocatoria aberta aos municipios do país lusófono.

Orzamento: 25.000€

- **ACTIVIDADE 8.4: Axudas de emerxencia ou post emerxencia.**

Resérvanse 13.396,74€ para axudas de emerxencia ou post emerxencia que se poidan aprobar pos catástrofes naturais ou humanitarias que acontezan durante o ano en países ou con persoas empobrecidas ou en situación de vulnerabilidade.

Orzamento: 13.396,74€

- **ACTIVIDADE 8.5: Proxecto con Asemblea de Cooperación pola Paz (Guinea Bissau)**

Proxecto aprobado para financiamento na convocatoria de proxectos para ONGD do 2017. As deficientes condicións de auga, saneamento e hixiene na sección de Cambadju supoñen graves problemas de saúde á poboación, e constitúe unha grave vulneración aos seus dereitos. Por iso, co obxectivo de mellorar o acceso ao dereito humano ao auga e o reforzo das prácticas correctas de hixiene, concretamente na localidade de Carantaba (Sector de Contobuel, Rexión de Bafatá) levaranse a cabo diferentes accións: rehabilitación dun pozo con sondeo profundo e extracción automática por bomba electrosolar; instalación dun sistema de paneis solares para bombear a dous depósitos de 10 m³ cada un; instalación de catro fontes na localidade de

Carantaba; habilitación de dous tomas de auga (residencia do profesorado e escola); unha campaña de sensibilización en auga e hixiene durante 4 meses (previa formación dun animador/a); e a elaboración dun plan de auga na comunidade, participativo coa dirección de recursos hídricos e as autoridades tradicionais.

Ademais, desenvolverase unha campaña de sensibilización en materia de xestión de auga e hixiene entre 1.824 habitantes (932 mulleres e 892 homes) da localidade de Carantaba (Sector de Contobuel, Región de Bafatá, Guinea Bissau). Para iso deseñárase e implementará unha nova campaña de sensibilización que incluírá: a capacitación dun ou unha nova líder como animador/a comunitario/a para a implementación dunha campaña sobre auga e hixiene.

Todo iso supervisado por un Comité de Xestión de Auga e Saneamento, formado maioritariamente por mulleres, que servirán de enlace da comunidade tanto coa coparte como con ACPP e que asegurarán a participación da poboación beneficiaria e o bo desenvolvemento do proxecto.

Co obxectivo de contribuír á equidade entre homes e mulleres, a constitución dos comités de xestión e o plan de xestión, reflectirán e garantirán o reparto equitativo de tarefas e responsabilidades (e capacidade de decisión asociada) relativo ao auga e o saneamento que, por consenso comunitario, recaerá maioritariamente sobre as mulleres no caso do auga e sobre os homes no caso do saneamento.

Orzamento: 50.000€

- Subvención concedida: 50.000€

- **ACTIVIDADE 8.6: Proxecto con Enxeñería sen Fronteiras (Honduras)**

Proxecto aprobado para financiamento na convocatoria de proxectos para ONGD do 2017.

O proxecto consiste en fortalecer as equipas técnicas municipais dos 7 concellos que forman a mancomunidade Nasmar de xeito que ao remate do proxecto poidan identificar, deseñar, formular, executar e xustificar proxectos de abastecemento de auga en comunidades rurais, integrando enfoques de participación cidadá, enfoque de cunca para a xestión do recurso auga, rendición de contas e calidade na xestión pública.

As compoñentes principais son o fortalecemento de capacidades técnicas municipais para os cálculos hidráulicos precisos para o deseño de tubaxes, compatibilizar a ferramenta Fonsagua de planificación hídrica cos datos dos Plans de Desenvolvemento Municipal para poder integrar os proxectos de abastecemento nos plans anuais municipais e nas previsións de gasto municipal, e a fixación dun procedemento de calidade para a xestión pública da auga, que se institucionalice e quede como capacidade instalada nas municipalidades, independentemente de que se renoven e cambien as equipas técnicas.

Preténdese así tamén iniciar os primeiros pasos cara unha xestión pública da auga de calidade con transparencia e rendición de contas, como unha vía para establecer procesos contrarios aos que se dan no país, de ocultación, corrupción e mala xestión pública.

A mancomunidade Nasmar pretende ser unha referencia no país na xestión de calidade, respecto á democracia, eficiencia na xestión de fondos públicos e transparencia, sendo esta

compoñente básica e fundamental para saír do estancamento no desenvolvemento dun país que conta con recursos suficientes, pero que precisa dun desenvolvemento de boas prácticas e xestión eficiente para que os beneficios repercutan na poboación beneficiaria.

Orzamento: 36.742,12€

- Subvención concedida: 36.742,12€

- **ACTIVIDADE 8.7: Proxecto con Intered (Guatemala)**

Proxecto aprobado para financiamento na convocatoria de proxectos para ONGD do 2017.

O proxecto busca contribuír co empoderamento e o desenvolvemento integral da infancia, adolescencia e mocidade para a defensa do seu dereito a unha vida libre de violencias. Especificamente búscase que nenas/os, adolescentes e mozas de Chinautla (NNAM), especialmente mulleres, exerzan o seu dereito a unha educación integral afectivo sexual (EIS) de calidade e unha vida libre de violencias (VLV). Para iso, a proposta espera implementar un programa de formación en Educación Integral en Sexualidade para profesorado, alumnado e familias vinculadas a catro escolas públicas do Municipio de Chinautla (Resultado 1). Por unha banda a formación incluírá coñecementos sólidos en educación sexual e dereitos reprodutivos e polo outro se darán a coñecer procesos de identificación de violencias, especialmente violencia de xénero, e darase particular atención a aquela exercida contra nenas e mulleres por ser un dos grupos máis vulnerados en Guatemala, así como as rutas de denuncia que o profesorado debe seguir ante a detección dun caso de violencia. Finalmente o proxecto contribuirá co fortalecemento da institucionalida local, tanto a Municipalidade como as organizacións de sociedade civil que traballan para a protección de dereitos de nenas, nenos, adolescentes e mozas/os desde tres estratexias de traballo: 1. Actualización a persoal de organizacións locais en prevención de violencia; 2. Difusión do traballo das organizacións locais que protexen a NNAM e 3. Elaboración dunha proposta articulada para a creación dunha oficina municipal de mocidade que promova liderado xuvenil para a defensa dos seus dereitos, incluíndo o dereito a unha Educación Integral en Sexualidade e unha vida libre de violencias.

Orzamento: 49.861,14€

- Subvención concedida: 49.861,14€

OBXECTIVO 9: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 9.1: Visita ao Norte de representantes políticos de dous municipios de Colombia no marco do proxecto europeo “Territorios caqueteños sostibles para a paz”**

O Fondo Galego foi convidado no 2017 a participar neste proxecto, liderado polo goberno portugués e xestionado pola entidade non lucrativa Instituto Marquês de Váll Flor, unha organización portuguesa de ampla experiencia en promoción de proxectos de desenvolvemento rural integral en países tropicais en postconflicto, e elevada capacidade técnica e administrativa. O parceiro local é a Rede Adelco, entidade que agrupa a 11 Axencias de Desenvolvemento Local en Colombia.

Para dar cumprimento ao primeiro punto dos Acordos de Paz “Cara un Novo Campo Colombiano: Reforma Rural Integral”, o Goberno Colombiano, puxo en marcha instrumentos clave para a súa implementación, entre eles os Programas de Desenvolvemento con Enfoque Territorial (PDET), a través dos que identificou 167 municipios altamente afectados polo conflito armado. Baseada nesa priorización e na estreita coordinación co Goberno Colombiano, a Cooperación Portuguesa seleccionou aos municipios de La Montañita e El Paujil (alta presenza de cultivos de uso ilícito) no Departamento del Caquetá.

Nesta rexión agárdase implementar o proxecto que busca responder aos obxectivos e enfoques do Fondo Fiduciario da UE e ás prioridades do Goberno Colombiano, definidas no Plan Marco para a implementación dos Acordos de Paz.

O Caquetá foi historicamente afectado pola guerra. Esta prosperou pola debilidade institucional, a presenza das FARC e o influxo das economías extractivas e ilegais (especialmente a coca).

O obxectivo xeral da proposta é contribuír á consolidación da paz estable e duradeira en Colombia a través do fortalecemento do desenvolvemento socioeconómico e ambiental de territorios amazónicos en postconflito. O obxectivo específico é o de mellorar as capacidades locais para a produción, transformación e comercialización de cacao fino e aroma, de xeito rentable e competitiva en territorios afectados polo conflito armado, baixo un esquema de conservación do medio ambiente, a inclusión social e a promoción dunha cultura de paz e legalidade.

A Unión Europea aprobou o financiamento deste proxecto a finais do 2017. No 2018 levaranse a cabo as primeiras actividades deste programa a dous anos. A primeira delas que lle corresponde ao Fondo Galego será a recepción dunha delegación de Alcaldes e Concelleiras/os destes dous municipios colombianos, aproximadamente a mediados do mes de outubro.

Orzamento: 1.500€

- **ACTIVIDADE 9.2: Visita aos proxectos executados ou en proceso de execución de Mozambique**

Será realizada unha misión técnico-política a Mozambique para facer seguimento dos proxectos apoiados recentemente, así como para estreitar o vínculo cos municipios mozambicanos. O obxectivo é que as e os representantes que participen nesta misión teñan a oportunidade de coñecer o traballo que se está facer en Mozambique, así como de facer avaliación e tomar en conta determinados aspectos para estratexias futuras de cooperación no país.

Orzamento: 6.000€

- Viaxe, seguros, vacinas, visados e aloxamento e manutención para tres persoas: 6.000€

- **ACTIVIDADE 9.3: Establecer potencialidades das nosas administracións locais**

Co obxectivo de dispoñer unha base de datos que nos axude a organizar e a tirar o máximo proveito das visitas dos nosos parceiros do Sur, propónse a elaboración dunha base de datos

detallada que nos dea mostra das áreas nas que cada municipio e deputación socia teñan implementado políticas públicas salientables e que poidan ser de utilidade aos municipios do Sur. Co obxectivo de favorecer o intercambio de experiencias e de poñer en valor a experiencia da administración local galega, esta base de datos tamén será tida en conta á hora de apoiar proxectos de cooperación concretos, vendo a posibilidade de establecer conexións ou actividades que permitan o intercambio de experiencias cos pobos do Sur.

Para a elaboración da base de datos farase unha enquisa *online* no primeiro semestre do ano.

Orzamento: 0€

- Enquisa online a concellos e deputacións socias: 0€

- **ACTIVIDADE 9.4: Avaliación da convocatoria de proxectos do Concello de Lugo**

A solicitude do Concello de Lugo, o Fondo Galego será o encargado de realizar a avaliación técnica das propostas recibidas na convocatoria de proxectos que abrirá o municipio ao longo do 2018.

Orzamento: 6.075€

- Avaliación das propostas recibidas: 6.075€

5. PLAN COMUNICACIÓN 2018

1. OBXECTIVOS

Obxectivo 10: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 10: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

- **ACTIVIDADE 10.1: Implementación do II Plan de Comunicación.**

En 2017 elaborouse un novo Plan de Comunicación Externa do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que abrangue ata o final da presente lexislatura e que cómpre implementar en cada anualidade. O documento pauta os principais procesos comunicativos para incrementar a visibilización do noso labor co obxectivo, entre outros, de fomentar a participación na entidade e convidar a reflexión sobre as causas da pobreza. Entre as accións a materializar cóntanse o envío de notas de prensa, organización de roldas, xestión de entrevistas e reportaxes, actualización da web e redes sociais, boletíns electrónicos, mailing, etc.

Orzamento: 0€

- **ACTIVIDADE 10.2: Promoción do Fondo Galego nas redes sociais.**

A fin de chegar coas nosas mensaxes a un maior número de persoas, preténdese incrementar o número de seguidores nas redes sociais do Fondo Galego, concretamente en Facebook a razón de 500 por ano. Para conseguilo, alén das publicacións habituais, organizaranse sorteos e enquisas que propicien o *feedback* e que haberá que publicitar, así como promocionar o propio perfil da entidade.

Orzamento: 100€

- Promoción da páxina do Fondo Galego en Facebook: 100€

- **ACTIVIDADE 10.3: Mantemento e reorganización da páxina web.**

Tras as últimas mudanzas no seo do Fondo Galego e en sintonía coas novas tendencias na comunicación dixital, cómpre unha completa revisión do portal www.fondogalego.org, de xeito que as e os internautas poidan acceder de forma rápida e intuitiva aos contidos desde calquera dispositivo. Amais de realizar as reestruturacións necesarias, continuarase actualizando información da web con frecuencia.

Orzamento: 1.000€

- Dominios: 150€

- Reestruturación da web do Fondo Galego: 850€

- **ACTIVIDADE 10.4: Elaboración dos IAF dixitais**

Cada trimestre seguirá a editarse e distribuírse a publicación electrónica 'Infórmate a Fondo' (IAF), que dá conta das actividades do Fondo Galego.

Orzamento: 242€

- Deseño e distribución online de 4 números do IAF: 242€

- **ACTIVIDADE 10.5: Elaboración da Memoria anual**

Ao peche do exercicio, realízase a edición dixital e impresa dun completo documento que recolle a actividade realizada durante o ano no relativo ao tecido asociativo, relacións institucionais, proxectos de cooperación, accións de sensibilización, comunicación, balance económico e axenda. A Memoria distribúese entre todas as entidades socias e demais axentes do sector, entre outros.

Orzamento: 1.518,55€

- Deseño e impresión de memorias do Fondo Galego: 1.518,55€

- **ACTIVIDADE 10.6: Recompilación do *clipping* de prensa**

A finais de ano elabórase un dossier de cobertura mediática, tanto dixital como físico, que recompila os principais impactos nos distintos medios de comunicación.

Orzamento: 30€

- Impresión e encadernación do pressbook: 30€

- **ACTIVIDADE 10.7: Publicación de 8 artigos de opinión sobre os ODS**

Co fin de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, que marcarán a axenda internacional ata 2030, establecerase unha colaboración cun xornal electrónico para publicar artigos de opinión sobre os primeiros oito ODS, prestando especial atención á súa implementación desde o eido local e en relación ao labor do Fondo Galego. Os textos irán asinados por representantes políticos nas diferentes administracións socias, sen prexuízo de que a Secretaría Técnica poida prestar asesoramento para elaboralos.

Orzamento: 0€

- **ACTIVIDADE 10.8: Organización do arquivo fotográfico.**

Para a realización desta actividade contaremos con alumnado en prácticas da Universidade de Vigo. Serán comprados programas informáticos específicos para facilitar a xestión dos materiais, se fora necesario.

Orzamento: 100€

- Programa informático de xestión de fotografías: 100€